

## NOTA EDITORIAL: Descripción deste número

Editores

Cad Aten Primaria  
Ano 2012  
Volume 18  
Páx. 2-2

No **Editorial** deste número a AGAMFEC está cos e a favor dos pacientes, sexa quen sexa, e critica severamente as políticas decididas polo Ministerio de Sanidade de restrición do acceso normal á asistencia sanitaria a moitas persoas.

Cinco **Orixinais**, un estudo descritivo sobre **utilidade da fosfomicina na cistite aguda**, outro que mide a **efectividade de intervencións formativas para a modificación da práctica clínica sobre diabete**, dous referentes a odontoloxía, **un sobre factores de risco de caries** e outro sobre **os tipos de próteses que están utilizando os pacientes que acoden ás unidades de saúde bucodental en atención primaria**, e finalmente un estudo de **prevalencia de obesidade**, poboacional, de adultos dun municipio rural, con resultados que chaman a atención e poden ser moi útiles.

Dous apuntamentos de interese na sección de **Para saber** de. Un sobre o **síndrome confusional agudo** e outro sobre o uso de **betabloqueantes en oftalmoloxía**, efectos secundarios e miastenia gravis.

Continuamos coa colaboración do **manual de urxencias, "ABCDE en Urgencias Extrahospitalarias"**, presentando neste número unha revisión práctica, de lectura rápida sobre condutas autolesivas e manexo da axitación psicomotriz.

En **Habilidades e Terapéutica** presentamos un novo caso de Ecomatrix cunhas imaxes de gran calidade do caso dunha muller premenopáusica cunha hemorraxia uterina anormal, e coa resolución do caso na web, como sempre, e outro da serie de artigos sobre a resucitación cardiopulmonar, na que se describen as vías a utilizar.

**Alerta Bibliográfica con Impacto Clínico**, cunha valoración actual sobre o uso do dabigatran ao revisar o estudo **Risks for stroke, bleeding and death in patients with atrial fibrillation receiving dabigatran or warfarin in relation to the chads2 score: a subgroup analysis of the re-ly trial**. Oldgren J, Alings M, Darius H, Diener HC, Eikelboom J, Ezekowitz MD, Kamensky G, Reilly PA, Yang S, Yusuf S, Wallentin L, Connolly SJ; RE-LY Investigators. Ann Intern Med. 2011 Nov 15;155(10):660-7.

En **Colaboración** editamos dous traballos que seguro serán de interese para os lectores, remitidos polos propios autores, un sobre a **Xerencia de Atención Integrada de Ferrol**, realizado polo equipo directivo anterior desta Xerencia e outro sobre a crise económica e o seu **impacto na atención primaria**, realizado por Manuel Martín, da

Asociación Galega de Defensa da Sanidade Pública.

Continuamos coa sección **Casos Clínicos**, que non deixan de sorprender e resulta un foco excelente de formación.

En **Cartas ao Director** presentamos unha **análise do impacto da lei do tabaco un ano despois**, que pode ser moi útil agora que ata parece que hai algún dirixente político que quere suavizala, e un estudo orixinal dunha unidade de medicina de familia de México sobre **actitudes de risco de trastornos da alimentación en adolescentes femininas** para o que usaron o cuestionario EAT 26.

Continuamos tamén neste número coa sección de **Humanidades** onde se recollen tres atractivos traballos, un sobre **Casas de Baños na Galiza do século XIX**, a **terminoloxía científica nos primeiros escritos de Nóvoa Santos** e o último da serie deste volume 18 sobre a **recuperación da memoria (histórica) na sanidade galega** cun traballo sobre a represión do franquismo aos médicos nados ou que residían nesta terra, elaborado de novo por David Simón.

Editores

### Unha despedida

Sinto un agradecemento inmenso por ter a oportunidade durante estes anos, desde finais de 2005, de participar na edición de Cadernos. Penso que é un proxecto profesional moi útil para a medicina de familia e a sanidade galega; un proxecto sostido pola AGAMFEC do que nos podemos sentir partícipes todos, tanto os que temos colaborado e colaboran na edición, como os que elaboran materiais ou mesmo os lectores, e todos e todas podemos contribuír á súa mellora e crecemento.

Grazas.

Un saúdo agarimoso,  
**Ramón Veras Castro**